

# Memoria de mobilidade

2016-17



A mobilidade na Escola Técnica Superior de Arquitectura durante o curso 2016-17, encádrase dentro do grao en Arquitectura (Boloña 1: para os cursos primeiro e segundo) e grao en Estudos de Arquitectura (Boloña 2: para os cursos terceiro, cuarto e quinto).

Os requisitos de mobilidade vixentes en canto a restricións, convalidacións, etc. están recollidos no Regulamento vixente da ETSAC durante o curso 2016-17 que foi aprobado en comisión docente de 11 de febreiro de 2016

[http://etsa.udc.es/web/wp-content/uploads/2016/01/ETSAC\\_requisitos-mobilidade.pdf](http://etsa.udc.es/web/wp-content/uploads/2016/01/ETSAC_requisitos-mobilidade.pdf)

O coordinador académico internacional da ETSAC é o subdirector da escola para asuntos internacionais, Evaristo Zas Gómez.

Existe un horario específico de atención ao público: luns e xoves de 11:00h a 13:00h no despacho de subdirección da ETSAC, andar 0.

Ademáis desta atención personalizada o coordinador atende unha media de 12 correos diarios no enderezo electrónico [erasmus.etsa@udc.es](mailto:erasmus.etsa@udc.es)

Toda a información relativa a convocatorias, bolsas e avisos sobre mobilidade está puntualmente colgada da web da ETSAC

<http://etsa.udc.es/web/>

que automaticamente se visualiza tamén no facebook da Escola cunha comunidade de 1699 persoas que a siguen (2018.02.11)

<https://es-es.facebook.com/etsac.udc>

## Mobilidade internacional

A mobilidade internacional abrangue a Erasmus e a Bilateral nas súas dúas modalidades entrante (incoming) e saínte (outgoing); así mesmo, as estadias académicas poden ser de carácter docente ou ben de prácticas.

O número de estudantes incoming tense incrementado máis do 40%, pasando de 70 en 2015-16 a 103 en 2016-17: 54 alumnos erasmus e 49 bilaterais. Estamos a considerar só os alumnos que teñen a súa docencia maioritaria na ETSAC. Hai máis estudantes incoming na UDC con materias soltas na nosa escola e que non son computados.

A procedencia dos nosos 103 alumnos incoming é moi variada sendo os máis numerosos os mexicanos e os italianos: Alemaña (5), Arxentina (10), Brasil (4), Chile (3), Chipre (3), Finlandia (3), Francia (10), Hungría (1), Italia (19), México (31), Polonia (3), Romanía (3), Turquía (7) e Uruguai (1).

Organízanse dous eventos de benvinda, un por semestre, dirixidos aos novos incoming de cara a darlles a información máis esencial do centro e a titulación.

O número de estudantes outgoing, pola contra, diminúe pasando de 106 en 2015-16 a 86 en 2016-17, marcando un descenso que posiblemente acompañe ao descenso de alumnos totais e de primeiro curso na ETSAC.

O destino dos nosos 86 alumnos outgoing é tamén moi variado sendo os máis numerosos Polonia e Italia: Arxentina (8), Bélxica (1), Brasil (4), Chile (1), Chipre (2), Eslovenia (1), Francia (3), Hungría (2), Italia (9), México (6), Polonia (15), Portugal (8), Romanía (2) e Uruguai (4). A UDC ven de suprimir Turquía, por razóns de seguridade, como destino erasmus. A esixencia de probas de idiomas para todos os destinos ven de mudar tendencias de convocatorias anteriores.

O coordinador organiza reunións explicativas para os futuros outgoing previa e posteriormente á adxudicación para aclarar todos os temas relativos á mobilidade saínte.

[http://etsa.udc.es/web/?ai1ec\\_event=mobilidade-internacional-2016-17-reunion-informativa](http://etsa.udc.es/web/?ai1ec_event=mobilidade-internacional-2016-17-reunion-informativa)

[http://etsa.udc.es/web/?ai1ec\\_event=mobilidade-internacional-2016-17-reunion-informativa-2](http://etsa.udc.es/web/?ai1ec_event=mobilidade-internacional-2016-17-reunion-informativa-2)

As prácticas saíntes en mobilidade incrementáronse notablemente con respecto ao curso precedente pasando de 6 a 14 en 2016-17: Alemaña (1), Austria (1), Francia (2), Holanda (1), Irlanda (1), Italia (1), Portugal (4), Reino Unido (1) e Turquía (2).

Non houbo prácticas entrantes neste curso.

## **ETSAC in English**

Este programa ten un duplo obxectivo formar en inglés aos nosos futuros profesionais que teñen en mente unha carreira con proxección internacional e acoller nesa lingua a numerosos alumnos de intercambio que non poideramos ter captado sen a súa implementación. O incremento no número de alumnos incoming experimentado no curso 2016-17 e comentado anteriormente débese en gran parte a este programa.

ETSAC in English, neste o seu terceiro curso, oferta máis do 50 % dos créditos totais do grao en inglés: primeiro a terceiro do Grao de Estudos de Arquitectura e cuarto e quinto do Grao de Arquitectura.

<http://etsa.udc.es/web/?p=22118>

<http://etsa.udc.es/web/wp-content/uploads/2016/06/2016-17-ETSAC-in-English-subjects-4.pdf>

## Peer guide programme

O programa de mentorización da UDC: peer guide programme dirixido a alumnos incoming con necesidades lingüísticas para unha mellor adaptación e lanzado con certa improvisación pola ORI neste primeiro curso de implantación, 2016-17, non se materializou na ETSAC por falta de mentores debido aos mínimos prazos da convocatoria.

## Mobilidade SICUE

A mobilidade saínte dentro de España alcanzou a cifra de 20 alumnos (dous menos que no curso precedente) e tivo como destino: Alcalá(2), Alicante (2), Cartagena (1), Granada (2), Las Palmas (2), Madrid (2), Málaga (2), Sevilla (1), Valencia (2), Vallés (1), Toledo (2) e Zaragoza (1).

A mobilidade SICUE entrante na ETSAC sigue a ser reducida con respecto á saínte. Só 5 alumnos de escolas españolas cursaron estudos na nosa segundo esta modalidade: Alicante (1), Sevilla (1), Toledo (2) e Valladolid (1).

## Mobilidade de profesorado

A mobilidade de profesorado internacional ten nas bolsas erasmus STA e STT a súa fonte máis frecuente de financiación.

O número de profesores incoming foi de 8: Bélxica (2), Letonia (3) e Turquía (3).

[http://etsa.udc.es/web/?ai1ec\\_event=palestra-sobre-ecoturismo-en-tanzania-lecture-on-eco-tourism-in-tanzania](http://etsa.udc.es/web/?ai1ec_event=palestra-sobre-ecoturismo-en-tanzania-lecture-on-eco-tourism-in-tanzania)

[http://etsa.udc.es/web/?ai1ec\\_event=palestras-das-profesoras-letonas-sandra-svike-e-inese-reitale-lectures-by-latvian-professors-sandra-svike-and-inese-reitale](http://etsa.udc.es/web/?ai1ec_event=palestras-das-profesoras-letonas-sandra-svike-e-inese-reitale-lectures-by-latvian-professors-sandra-svike-and-inese-reitale)

[http://etsa.udc.es/web/?ai1ec\\_event=palestra-das-profesoras-turcas-polat-ipek-e-nuhoglu-sobre-estambul-lecture-on-istanbul-by-turkish-prof-polat-ipek-and-nuhoglu](http://etsa.udc.es/web/?ai1ec_event=palestra-das-profesoras-turcas-polat-ipek-e-nuhoglu-sobre-estambul-lecture-on-istanbul-by-turkish-prof-polat-ipek-and-nuhoglu)

O número de profesores outgoing alcanza a cifra de 6: Bélxica (2), Escocia (1), Italia (1) e Letonia (2).

As axudas para a internacionalización da UDC tamén favoreceron a mobilidade do profesorado ETSAC, en concreto a visita de membros do equipo de dirección á Univesidade de Lublin (Polonia).

Estas axudas son tamén as habituais para o financiamento dos intercambios de profesorado ETSAC en China e Armenia.

No curso 2016-17 a nosa escola tense beneficiado da posibilidade de traer profesores de lingua nai o inglés para a mellora dos programas nesta lingua.

[http://etsa.udc.es/web/?ai1ec\\_event=palestra-do-profesor-brett-tippey-sobre-richard-neutra-lecture-on-richard-neutra-by-prof-brett-tippey](http://etsa.udc.es/web/?ai1ec_event=palestra-do-profesor-brett-tippey-sobre-richard-neutra-lecture-on-richard-neutra-by-prof-brett-tippey)

## **Outros intercambios internacionais**

A actividade no eido dos intercambios internacionais da ETSAC sigue a contar cos seus tres piares tradicionais: o Iacobus, o Joint con China e o convenio con Armenia.

O Iacobus entre as escolas de arquitectura de Clermont-Ferrand (Francia), Regensburg (Alemaña) e a ETSAC é a nosa iniciativa internacional máis lonxeva, superando os vinte anos de existencia.

<http://etsa.udc.es/web/?p=23748>

<http://etsa.udc.es/web/?p=24200>

O Joint Graduate Design Project entre o HIT, Harbin Institute of Technology, e a ETSAC suma, nesta cuarta edición de 2016-17, a unha nova escola chinesa como socio permanente, o IMUT, Inner Mongolia University of Technology.

<http://etsa.udc.es/web/?p=23682>

<http://etsa.udc.es/web/?p=24226>

O convenio con Armenia é o máis recente das tres iniciativas internacionais mencionadas.

<http://etsa.udc.es/web/?p=21756>

O proxecto de cooperación Kaya Clínica, levado a cabo en Mozambique en colaboración cunha universidade local, é liderado polo profesor da ETSAC Plácido Lizancos e constitúe tamén un fito esencial na mobilidade internacional para a nosa escola.

<http://etsa.udc.es/web/?p=23269>

<http://etsa.udc.es/web/?p=23639>

A Coruña, 14 de febreiro de 2018

Asdo.  
Evaristo Zas Gómez  
Subdirector e coordinador académico de mobilidade da ETSAC